

Determinación da biomasa forestal utilizable para so seu uso como combustible e dos factores influentes na calidade da astilla forestal e pellets.

Tipo de proxecto: investigación

Financiado por: Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e forestais. Consellería de Medio Rural. Xunta de Galicia.(FEADER-MR331A)

Entidades participantes: BIOPALAS – ISEMPA. Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

Período: 2010-2014

Investigador principal: Silvia María Otero Fernández

Investigadores participantes: José Antonio Vega Hidalgo, Pedro Pérez-Gorostiaga Rivero, M^a Teresa Fontúrbel Lliteras.

Resumo: O proxecto busca a mellora nas técnicas de aproveitamento da biomasa forestal en intervencións selvícolas, diminuindo o risco de incendios e poñendo en valor o monte galego.

Palabras clave: tratamentos selvícolas; uso enerxético; valorización dos residuos; cinzas; nutrientes.



Trátase de incrementar a valorización dos recursos forestais galegos mediante o aproveitamento de biomasa forestal procedente de intervencións selvícolas que diminúan o risco de incendios, a dependêncía enerxética e ás emisións de gases de efecto invernadoiro.

Mais especificamente, abórdanse os seguintes obxectivos:

A avaliación da recollida de biomasa en intervencións selvícolas, en termos de rendementos de recollida, eficacia para a diminución do risco de incendios e impacto de extracción de nutrientes na biomasa recollida.

O control da calidade da biomasa residual, materias primas, astillas e pellets.

A optimización da valorización dos residuos en combustión en caldeira, mediante a medición do risco de sinterizado e fusión, e o deseño de mesturas de biomosas.

O estudo do potencial do uso das cinzas obtidas na combustión de biomasa como fertilizante para axudar a repoñer os nutrientes extraídos no aproveitamento da biomasa.